

PLAN TIC. IES Fernando Wirtz Suárez

CURSO 2019-2020

1 Xustificación do proxecto e situación actual

O IES Fernando Wirtz é un centro público, dependente da Xunta de Galicia. En él, se imparten a Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclos Formativos de grao medio e superior.

Nos últimos anos as infraestructuras TIC do Centro, transformáronse nos seguintes aspectos:

- As dependencias do Centro están cabreadas, o que permite ter acceso a Internet en todo o edificio. Asimismo, a implantación dunha rede WIFI mellorou as posibilidades do uso dos recursos informáticos móbiles (tabletas, ordenadores portátiles, etc).
- Recursos actuais:
 - 13 aulas técnicas (aulas con unha media de 30 equipos máis proxector).
 - 18 aulas con equipo profesor e pizarra dixital..
 - 1 aula con equipo profesor e proxector.
 - 4 aulas Abalar.
 - 2 Aulas Laboratorio con equipo e proxector.
 - Sala de profesores con 12 equipos .
 - Biblioteca: 6 equipos de consulta e 6 tabletas.
 - Seminarios: 8 equipos.
 - Oficinas: 13 equipos.
 - WIFI Móvil para actividades con móbiles na aula.
 - Portátiles para aula móbil: 10.
 - Servizo de impresión e escáner.
 - Proxector na entrada e na secretaría.
- Recursos en internet
 - Páxina Web do centro. Inclúe unha extranet para o profesorado.
 - Twitter e Facebook do centro.
 - Aula Virtual (Moodle).
 - GSuite para Centros Educativos

1.1 Obxectivos do centro

1.1.1 Obxectivos a curto prazo

- Familiarizar ao profesorado co uso do ordenador como unha ferramenta máis no desenvolvemento do currículo.
- Facilitarlle o acceso ás TIC aos nosos alumnos, especialmente a aqueles que pola súa situación económica non teñan estes recursos nos seus fogares.
- Promover o uso da páxina web do Centro como vía de comunicación e acceso á información para toda a comunidade educativa.
- Utilizar as redes sociais como Twitter para facilitar o acceso á información de toda a comunidade educativa.
- Garantir a seguridade da información e o cumprimento das directivas legais marcadas pola lei de protección de datos.
- Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC.
- Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersonais e a adoptar actitudes de cooperación entre os alumnos e facilitando así a integración.
- Proporcionar aos alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento.

1.1.2 Obxectivos a longo prazo

- Potenciar o uso das TIC á docencia en tódalas aulas
- Facilitar a docencia virtual mediante a Aula Virtual do IES.
- Acadar graos adecuados de competencias TIC na nosa comunidade educativa.
- Implantar planos de mellora no uso das TIC.
- Mellorar a infraestructura de rede e equipamento.

1.2 Avaliación

O seguimento das estratexias e das actuacións realizadas ao longo do curso permitiranos detectar as nosas carencias e buscar solucións axeitadas.

Co fin de valorar o percorrido realizado, intentaremos saber se as TICs cambiaron a nosa forma de impartir as clases; e respecto aos alumnos, se ven utilidade no traballo coas TICs para o desenvolvemento do seu aprendizaxe nas diversas materias.

Recolleremos tamén aquelas suxestións que permitan unha mellora nos medios materiais para poder engadir ao orzamento do vindeiro curso (sempre que sexa posible) aquilo que se poda precisar.

Finalmente realizaremos unha autoanálise para detectar fallos e comprobar si se acadaron os obxectivos finais.